

TEN CONSECUENCIAS?

E ás miñas a única maneira que se lles ocorreu de espertarme foi cun caldeiro de auga na cabeza. A quen se lle ocorre?

Todo o mundo di que espertar a alguén que esta somnábulo e malo, pero eu creo que non. Toda a miña vida fun somnábula e mira que me espertaron veces e veces sen querer e a verdade e que estou bastante ben. Hai un tempo investiguei o que pode ocorrer se te espertan e a verdade é que hai múltiples interpretacións pero ningunha moi clara ou comprobada cientificamente.

O somnambulismo herdeino do meu avó Xacobe que durmía máis ca vivía e todo o mundo di que por iso camiñaba durmido, para así pórse en forma. En conclusión, a min nunca me importou que me espertaran, pero por se acaso voulle a dicir as miñas amigas que non o volvan facer.

Noelia Cabaleiro Rodríguez 4ºC